



## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral dun/ha auxiliar administrativo substituto durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativo encargada da OMIX e da Biblioteca.

#### CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que *“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes”*.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos e excluídos no citado proceso de selección.

a) Candidatas/os **admitidas/os** no proceso de selección para a contratación en réxime de persoal laboral temporal dun/ha auxiliar administrativo/a substituto/a durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativa encargada da OMIX e da Biblioteca.

APELIDOS E NOME	DNI
BLANCO MOAR MARIA	***4607**
CALVIÑO DORADO MÓNICA	***2522**





## Concello de Oza-Cesuras

--	--

b) Candidatas/os **excluídas/os** no proceso de selección para a contratación en réxime de persoal laboral temporal dun auxiliar administrativo substituto durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativa encargada da OMIX e da Biblioteca: **NINGUNHA**

**TERCEIRO.-:** Establecer a composición do tribunal:

Presidenta: María Belén García Otero, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario en quen delegue.

Vogais:.

María Arminda Seoane Barreiro, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras

María del Carmen Vázquez Juncal, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplente:

María Sandra Sánchez Núñez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras

**CUARTO.-:** O tribunal seleccionador deberá constituirse o día 6 de novembro de 2023 ás 10:00 horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso, de conformidade coa documentación que achegaron os solicitantes ao presentar a solicitude de admisión ás probas, na que se valorarán

*“Experiencia profesional servizos laborais prestados desempeñando tarefas de auxiliar administrativo ou similares ata un máximo de 1,00 puntos. Computarase 0,04 puntos por mes completo, realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as e acreditados no informe de vida laboral e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes. Posuír carné de conducir tipo B: **0,5 puntos**. Posuír titulación superior á esixida como requisito de acceso: ata un máximo de 1,5 puntos (Ciclo Superior de formación profesional: 0,50 puntos, Diplomatura ou equivalente: 1,00 puntos, Licenciatura ou grao universitario: 1,50 puntos*

**CUARTO:** Publicar na páxina web do Concello, a lista de admitidos e excluídos, aos efectos oportunos.





## Concello de Oza-Cesuras

---

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

